

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada/pluralidade de criterios obxectivos/tramitación ordinaria	
Obxecto	Servizo de Catering e do persoal monitor/coidados do comedor escolar para os CEIP do Concello de Ferrol	
Número expediente	AVH 05003 24/28	Cívidas 2022024458
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	26 de agosto de 2024	
Hora de inicio	12:05:00	
Hora remate	13:13:00	
Excusa asistencia	Dona Patricia Cons Formoso, concelleira delegada da área proponente do contrato (Educación)	
Asistentes sen voto	Dona Emilia Seoane Pérez, técnica municipal de Educación; don Jorge J. Suárez Fernández, representante do grupo municipal Fec e don Julián Reina Villalón, representante do grupo municipal PSOE.	

Presidente:

Don José Tomé López, en suplencia do concelleiro delegado de Contratación.

Vocais:

Dona Ana Elisa Quindós Lindín, xefa do servizo de Contratación; dona Paula M^a Vázquez Carrasco, oficial maior, en suplencia da directora da oficina xurídica; dona Sonia Corral Corral, viceinterventora, en suplencia da interventora municipal e dona Estefanía Gómez García, xefa de sección, en suplencia do xefe de servizo da área proponente do contrato (Educación).

Secretario/a

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada en data 08/08/2024.

Se aproba co voto favorable dos membros asistentes con dereito a voto que participaron na sesión anterior.

2.- Calificación da documentación presentada polo licitador requirido a que se refire a cláusula 27 do PCAP. Acordos.

Tendo en conta o acordo adoptado polo órgano de asistencia, na súa sesión anterior e nos termos que constan en acta; deuse conta do requerimento remitido á empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL para a presentación da documentación a que se refire a cláusula 27 do PCAP aos efectos da adxudicación do contrato. A licitadora atendeu o requerimento do órgano de asistencia, dentro do prazo concedido, presentando documentación na PLACSP aos efectos requiridos; a documentación presentada se remite a revisión e informe dos servizos técnicos municipais (á que se refire á acreditación da habilitación empresarial).

Considerando toda a documentación acreditativa presentada pola empresa mellor clasificada; tendo en conta

os datos inscritos no ROLECE/ Rexistro Xeral de Contratistas Xunta de Galicia (nº 4957) referidos pola licitadora; a documentación solicitada oficio (*inexistencia de débedas tributarias co Concello de Ferrol*); considerando a acreditación de solvencia económica e financeira e a de solvencia técnica mediante clasificación alternativa M; 6, 5 (*superior á esixidas nos pregos: M; 6; 3*); visto o informe técnico favorable emitido pola técnica municipal de Educación, en data 21/08/2024, no que respecta á acreditación documental da habilitación empresarial e considerando todos os extremos exigidos na cláusula 27 do PCAP; co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, se acordou:

- CALIFICAR favorablemente a documentación acreditativa presentada pola empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL e, en consecuencia, elevar proposta de adxudicación ao seu favor á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOUFE.

DILIXENCIA: Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 26/08/2024; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.